

**PROCEDIMIENTO.-** Modificación de ordenanzas fiscales  
**Expediente.-** 2021/G016/000003

**Asunto.-** MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 35. REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR A DOMICILIO DO CONCELLO DE ARTEIXO

**PROVIDENCIA DE ALCALDÍA**

Este Concello pretende modificar a Ordenanza Reguladora do Prezo Público polo Servizo de Comedor a Domicilio (O. número 35).

O artigo 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esixe revisar periodicamente as normas vixentes para adaptalas aos principios de boa regulación e para comprobar a medida en que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se estaba xustificado e correctamente cuantificado o custo e as cargas impostas nelas.

Para a modificación das Ordenanzas municipais debe seguirse o mesmo procedemento que para a súa aprobación, en virtude do previsto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

A Lei 39/2015 de procedemento común das Administracións Públicas, no seu artigo 133 establece que

*"1. Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Os obxectivos da norma.*
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.*

*2. Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte os dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén solicitarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei*

*que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto."*

No caso da Ordenanza Reguladora do Prezo Público polo Servizo de Comedor a consulta á cidadanía e organizacións e entidades interesadas realizarase sobre os seguintes extremos:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

A entrada en funcionamento do novo contrato de comedor a domicilio, agora xestionado externamente, obriga ao concello a actualizar a normativa que o regula. Dito contrato introduce novidades ampliando o comedor a domicilio e suprimindo o que se prestaba no Centro de Maiores A Baiuca, no que se prestaba un escaso servizo.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

O Comedor debe dispoñer dunha normativa que regule e ofrezga garantías no cobro da aportación que as persoas farán para contribuír ao pago do servizo. A actualización da normativa compre aprobala con anterioridade á entrada en vigor do novo contrato.

c) Os obxectivos da norma.

Coa norma que se propón para a súa modificación preténdese dispor dunha regulación que ofrezga garantías na xestión do servizo de comedor a domicilio así como das obrigas das persoas usuarias.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Descártanse alternativas non regulatorias, a potestade regulamentaria das entidades locais exerceuse a través das Ordenanzas e Regulamentos, de acordo co disposto na Lei de Bases de Réxime Local. A Ordenanza resulta imprescindible para a xestión do pago que corresponda ás persoas usuarias deste servizo.

Visto o anterior, e en consonancia coa normativa de referencia,

## DISPOÑO

**PRIMEIRO.-** Que se publique no portal web municipal, a consulta previa á cidadanía sobre os aspectos seguintes da Ordenanza que se actualiza:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

SEGUNDO.- Que se publique o texto do proxecto de modificación da Ordenanza número 35, Reguladora do Prezo Público polo Servizo de Comedor a Domicilio no portal web municipal, co obxecto de dar audiencia por 10 días naturais aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas poidan facerse por calquera persoa ou entidade.

TERCEIRO.- Unha vez instruído o expediente, sométase ao órgano competente para a súa aprobación.

O ALCALDE

Asinado dixitalmente na data que figura no documento dixital

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS,  
SANIDADE E EDUCACIÓN  
REF.: IRA/ESL/2021

**ANEXO I.**  
**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE**  
**COMEDOR A DOMICILIO**

NOME E APELIDOS	
DNI/NIE/PASAPORTE	
ENDEREZO	
TELÉFONO DE CONTACTO	
MAIL DE CONTACTO	
<i>Os datos persoais e de contacto son obrigatorios Se o desexa pode utilizar o dorso do cuestionario para ampliar a súa opinión</i>	

Opinión sobre os aspectos consultados:

a) OS PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

b) A NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

c) OS OBXECTIVOS DA NORMA

d) AS POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Asina dixitalmente na data do documento electrónico.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)